



*PLAN DE CONTINXENCIA DO  
CENTRO EDUCATIVO*

*CURSO 21-22*

O Plan de Continxencia do colexio Colegio Hijas de Jesús ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO**

**1.** Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID- 19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

**2.** Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

**3.** Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

**4.** No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

**5.** A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

**6.** Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada na sala adicada, mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

**7.** A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará

en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

**8.** A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o grupo ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

**9.** A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

**10.** A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

**11.** O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da plataforma virtual de cada grupo, comunicando o seguemento da mesma pola plataforma interna do centro. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor/a. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

**12.** O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teñan dificultades de conexión o falla de equipamento para adoptar as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

**13.** Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

**14.** Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

1. Medidas establecidas con carácter xeral polo centro para facilitar a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumnado fóra do ámbito escolar:

Os profesores usan as tecnoloxías ao seu alcance para facer seguemento dos seus alumnos.

Criterios establecidos pola coordinadora de etapa primaria, expostos ao persoal docente:

### **-De 3º a 6º EP**

-O persoal docente seguirá as clases de forma telemática seguindo o horario de materias e clases xeral.

-Nun primeiro momento de cada sesión lectiva farán unha videochamada na que poderán explicar materia, contidos novos ou proxectar algún video ou tutorial acerca dos contidos que queren traballar.

-As sesión de videochamadas non durarán máis de 20 minutos, deixando o resto da sesión para facer as tarefas que mandara o profesor.

- Nas videochamadas as familias deberán seguir o ritmo deste proceso en colaboración co titor e os profesores que estarán atentos ao benestar emocional e a non desconexión do ritmo de traballo.

- Todos os profesores da mesma área coordinaranse para asignar as mesmas tarefas

- Todos os alumnos teñen dispositivo electrónico de uso individual, iPad, ademais dunha conta de correo electrónico de dominio propio para a mellora da comunicación.

O dispositivo dispón das seguintes APPS de uso compartido alumno-profesor.

-Google Classroom- Permite unha comunicación instantánea entre o profesor e o alumno. Permite enviar tarefa, correxilas e que os alumnos vexan as correccións.

-Google Drive- Permite aloxar documentos, videos e outros contidos dixitais.

-Notability- Notability permite editar traballos en pdf

-Showbie- É unha ferramenta parecida a Classroom. Ten as mesmas funcionalidades.

Tamén se utilizarán ferramentas e programas on line tales como: Quizziz, Kahoot, Plickers,

O obxectivo é facilitar a auto xestión do estudo e facer as tarefas por eles mesmos.

### **- 1º e 2º de Educación Primaria**

-Os titores comunícanse coas familias a través da plataforma Educamos para facer un bo seguemento do desenvolvemento das competencias con especial atención ao benestar emocional de cada alumno/a.

-Os alumnos/as destes cursos teñen un correo e Drive de dominio "jesuitinascoruna".

-Os alumnos teñen tamén asignadas as clases a través de Google Classroom para que poidan facer seguemento das súas tarefas.

En caso de que alguna familia non dispoña de dispositivo para poder conectarse ás videochamadas ou facer as tarefas correspondentes, poñeríamos en contanto con elas para acordar a mellor forma de facer seguemento.

Se alguén ten dúbidas ou non pode facer o indicado, buscaranse outras vías para o traballo das áreas.

Todos os profesores de todos os cursos farán reunión periódicas por áreas e nivel para programar o traballo e as sesións.

- Na etapa de Educación Infantil os mestres usan a plataforma interna do centro (SM Educamos) para falar coas familias e asignar tarefas que favorezan o bo desenvolvemento da enteira persoa en tan temperá idade. Dan prioridade ás producións creativas e a o benestar emocional dos nenos e nenas.

- O Equipo Directivo ten comunicación coas familias para velar polo bo estado de saúde da comunidade educativa.

2. Sistema de comunicación co alumnado e as familias establecido polo centro.

-Plataforma interna SM Educamos.

-Correo electrónico persoal de uso de todo o alumnado de 1º a 6º curso de Educación Primaria e de Educación Infantil.

-Web do centro para información xeral de carácter non urxente.

[www.jesuitinascoruna.es](http://www.jesuitinascoruna.es)

3. Propostas de actividades elaboradas para que o alumnado continúe co seu proceso educativo nos seus domicilios.

□ Educación Primaria:

Primeiro e segundo de EP:

Ao longo do domingo os mestres envían a planificación semanal aos pais a través da plataforma escolar “Educamos”. Acompañan a tarefa de fichas, vídeos explicativos, tutoriais e actividades complementarias.

Ademais de envialas por esta vía tamén son subidas ao Drive para que as teñan eles.

#### Lengua Castellana:

Os mestres programan diariamente tarefas de lectura, escritura e contados gramaticais. Os mestres redactan as sesións explicativas que os alumnos ven a través de seu Drive coa axuda dos seus pais, ao ter só 6 anos. Ademais, para que os menos non perdan o contacto cos seus mestres, estanse a gravar algunhas sesións para que os alumnos as poidan ver.

#### Lingua Galega:

Os mestres programan tarefas diariamente de lectura, escritura e contados gramaticais. Os mestres redactan as sesións explicativas que os alumnos ven a través de seu Drive coa axuda dos seus pais, ao ter só 6 anos. Ademais para que os nenos non perdan o contacto cos seus mestres, estanse a gravar algunhas sesións para que os alumnos os poidan ver.

#### Matemáticas:

Os mestres suben ao Drive as sesións correspondentes os días coa súa explicación, e fichas de material complementario. Ademais teñen acceso á plataforma dixital de EMAT para complementar o traballo.

#### Natural Science e Social Science:

Polo de agora, puxéronlles fichas de traballo, pero estamos á espera de que a editorial coa que traballamos nos dea licencias para que poidan acceder aos libros dixitais. Os mestres pútanlles dous días á semana o traballo que teñen que facer.

#### Inglés:

A través dunha plataforma dixital propia da editorial os alumnos teñen acceso a todos os contidos que se traballan na aula, incluídos audios e vídeos. Os mestres pútanlles dous días á semana o traballo que teñen que facer.

#### Educación Física, Música, Plástica:

Súbense recomendacións xerais semanais, para que poidan adaptalas aos seus horarios. Ademais, co "Bos días" e nas actividades das outras materias, estanse a introducir algunhas relacionadas con estas.

#### Terceiro e cuarto de EP:



Os mestres planifican diariamente o traballo do día seguinte en función das asignaturas que teñan no seu horario académico ese día; envíanlles aos alumnos a través do seu correo electrónico unha mensaxe detallada e pautada, asignatura por asignatura, co que teñen que facer ese día e os recursos dixitais e materiais que precisan.

#### Lengua Castellana:

Os alumnos dispoñen de libro dixital, polo que seguen a programación como habitualmente. A través da app Showbie os mestres poden verificar casi en tempo real o traballo que están a facer os alumnos.

#### Lingua Galega:

Os alumnos dispoñen de libro dixital polo que seguen a programación como habitualmente. A través da app Showbie os mestres poden verificar casi en tempo real o traballo que están a facer os alumnos.

#### Matemáticas:

Os alumnos dispoñen, ademais do libro dixital con propostas de actividades interactivas, unha plataforma chamada Ciberemat que lles propón actividades de ampliación diarias. Os mestres indican aos alumnos que é o que teñen que facer cada día.

#### Natural Science:

A través da plataforma dixital “Blinklearning” os alumnos teñen acceso ao libro dixital e a todos os contidos dixitais. Ademais, a editorial Cambridge abriu unha nova app para reforzar os contidos traballados na clase.

#### Social Science:

A través da plataforma dixital “Blinklearning” os alumnos teñen acceso ao libro dixital e a todos os contidos dixitais. Ademais, a editorial Cambridge abriu unha nova app para reforzar os contidos traballados na clase.

#### Inglés:

A través da plataforma dixital “Blinklearning” os alumnos teñen acceso ao libro dixital e a todos os contidos dixitais. Ademais, a editorial Cambridge abriu unha nova app para reforzar os contidos traballados na clase.

#### Educación Física:

Enviáanse vídeos para que os nenos poidan ir traballando e que fagan unha presentación sobre os xogos tradicionais e outros contidos específicos.

#### Música:

A través do libro dixital os alumnos poden escoitar as audicións e facer as actividades dixitais que propón o libro, ademais de seguir practicando coa frauta na casa.

#### Plástica:

Enviáanse propostas xerais para traballar os contidos e as destrezas a desenvolver.

#### Relixión:

Utilizando a aplicación Padlet, na que os alumnos poden compartir os traballos cos seus compañeiros, os nenos farán un traballo sobre as emocións que están sentindo.

#### Quinto e sexto de EP:

Os mestres programan semanalmente as materias en función da carga lectiva que teña cada unha e envían unha programación semanal (dividida en días) aos rapaces a través do seu correo electrónico e Drive.

A través de apps como Showbie, notability, o keynote os Mestres poden facer seguemento do traballo realizado polos alumnos.

#### Lengua Castellana:

Os alumnos dispoñen de libro dixital polo que seguen a programación como habitualmente. A través das distintas apps os mestres poden verificar casi en tempo real o traballo que están a facer os alumnos.

#### Lingua Galega:

Os alumnos dispoñen de libro dixital polo que seguen a programación como habitualmente. A través das distintas apps os mestres poden verificar casi en tempo real o traballo que están a facer os alumnos.

#### Matemáticas:

Os alumnos dispoñen de libro dixital polo que seguen a programación como habitualmente. A través das distintas apps os mestres poden verificar casi en tempo real o traballo que están a facer os alumnos.

Natural Science:

A través da plataforma dixital “Blinklearning” os alumnos teñen acceso ao libro dixital e a todos os contidos dixitais. Ademais a editorial Cambridge abriu una nova app para reforzar os contidos traballados na clase.

Social Science:

A través da plataforma dixital “Blinklearning” os alumnos teñen acceso ao libro dixital e a todos os contidos dixitais. Ademais, a editorial Cambridge abriu una nova app para reforzar os contidos traballados na clase.

Inglés:

A través da plataforma dixital “Blinklearning” os alumnos teñen acceso ao libro dixital e a todos os contidos dixitais. Ademais, a editorial Cambridge abriu una nova app para reforzar os contidos traballados na clase.

Educación Física:

Enviase vídeos para que os nenos poidan ir traballando os contidos e facer exercicio.

Música:

Enviase unha proposta xeral para traballar destrezas e contidos propios desta área.

Plástica:

A profe de plástica envialles un video tutorial gravado para facer un traballo que logo poderán subir á aplicación Padlet para que a poidan compartir cos seus compañeiros.

Educación Infantil:

Nesta etapa de educación infantil, os mestres propuxemos ás familias a través da plataforma Educamos facer principal fincapé no desenvolvemento da autonomía dos nosos alumnos e alumnas considerando clave facilitarlles diferentes ideas para poder realizar durante estes días dentro da casa.

Enviamos actividades diarias o día anterior intentando traballar todas as áreas e que sexan sinxelas para que os menos e nenas podan facelas de forma autónoma, ademáis recomendamos algunhas webs educativas e arquivos adxuntos con vídeos e canción que traballamos nas aulas como recursos.

Estaremos en todo momento en contacto coas familias a través da plataforma Educamos para o que precisen, resolución de dúbidas a nivel académico ou actitudinal que poida xurdir nos seus fillos e fillas nesta situación de carácter extraordinario.

## PAUTAS E SUXESTIÓNS XERAIS PARA A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

### ÁREA DE IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL

- Axudar na casa nas distintas tarefas do día a día adaptadas á idade dos menos.
- Hixiene persoal cada vez de forma máis autónoma.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas: ler todos os días un conto en familia, facer debuxos sobre os seus sentimentos e sobre as distintas persoas que forman parte da súa vida, etc.
- Exercicios para mellorar a motricidade grosa (diferentes xogos de coordinación) e fina (poñer pinzas da roupa e sacalas, rasgar papeis, facer boliñas con distintos materiais, etc.)

### ÁREA DO MEDIO FÍSICO E SOCIAL

- Conceptos espaciais e temporais: uso dos distintos conceptos na fala habitual para que os nenos e nenas o interioricen: Colle o pano que está enriba da mesa; Deixa o xoguete debaixo da cadeira; Onte vimos uns debuxos moi bonitos, etc.
- Numeración: realizar os números dados con diferentes materiais: fariña, plastilina, etc.
- Problemas matemáticos de resolución oral.
- Series: realizar series de elementos da casa (botóns de diferentes cores, fichas de xogos, etc.)
- Libros e debuxos educativos do medio ambiente.
- Falar do medio que os rodea.

- A primavera: debuxar o que observamos pola fiestra ca chegada da primavera.
- Día do pai: celebrar en familia este día tan importante.

## ÁREA DE LINGUAXES

- Realizar as grafías das letras dadas con distintos materiais: fariña, plastilina, etc.
- Debuxar no chan as letras e seguir o camiño do trazo co propio corpo.
- Xogar ás adiviñas, refráns, contos populares...
- Ler palabras sinxelas.
- Recoñecer letras dadas en diferentes textos.

## PROPOSTA DE TRABALLO ESPECÍFICA POR CURSOS:

### 4º EDUCACIÓN INFANTIL

No curso de 4º de educación infantil, as titoras envían a proposta de traballo de forma semanal a través do correo electrónico da plataforma Educamos. Os titores manterán ao longo da semana a comunicación coas familias a través desta vía para resolver dúbidas xurdidas no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

- Traballo relacionado co esquema corporal: debuxarse a eles mesmos e a súa familia, xogos relacionados co coñecemento do esquema corporal e localización de partes do corpo e da cara.
- Desenvolvemento da Motricidade fina: Realizar con plastilina ou masas (de galleta ou miga de pan) os diferentes trazos que estamos a realizar na aula (envíase un documento adxunto con ditos trazos).
- **Ler e comentar contos, recoñecendo neles as letras traballadas.**

### 5º EDUCACIÓN INFANTIL

No curso de 5º de educación infantil, os titores envían a proposta de traballo semanal a través do correo electrónico da plataforma Educamos, as propostas de traballo xerais son as seguintes, dividíndoas despois por días. Os titores manterán ao longo da semana a comunicación coas familias a través desta vía para resolver dúbidas xurdidas no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

- Repaso dos números ata o 8, traballando grafía e cantidade.
- Repaso das vogais de xeito visual e auditivo. Un exemplo sería dicirlles palabras que comece por o, escribir distintas vogais e escribir palabras para que eles rodeen as vogais.
- Para continuar traballando a motricidade fina recomendamos que recorten, risquen papeis ou xoguen con plastilina e masas.
- Lectura e escritura de grupos vogálicos (ae, iu, oe, oía).
- Xogar con rimas e adiviñas.

## 6º EDUCACIÓN INFANTIL.

No curso de 6º de educación infantil, as titoras enviarán unha proposta de traballo diaria de lectoescritura e outra de lóxica matemática a través do correo electrónico da plataforma Educamos, como repaso dos contidos traballados ao longo deste trimestre coa fin de afianzar o adquirido no proceso sobre todo da adquisición da lectura. Os tutores manterán a comunicación coas familias a través desta vía para resolver dúbidas xurdidas no proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

Esta é unha das propostas enviadas ás familias, todas as sesión preparadas teñen a mesma estrutura

### □ TRABALLO DE LECTOESCRITURA: Letra G (Ga, go y gu)

- Lectura de palabras: gato, bigote, fuego, lechuga, gota, gol, goma, lago, amiga, gasolina, gomina, galleta, regalo y pegamento.

- Lectura de frases:

- El martillo da un golpe.
- El gusano come lechuga.
- El mago sacó un conejo de la chistera.
- Mamá tiene una cesta con aguacates.
- Gustavo tiene unos guantes verdes.

- Dictado:

- El gusano es largo.
- El galgo es un perro.

### \* TRABALLO DE LÓXICA MATEMÁTICA

-Problemas para resolver oralmente:

➤ Si tengo 8 vasos y vienen 6 personas a cenar ¿cuántos vasos faltan?

➤ Dos amigos han marcado tres goles cada uno. ¿Cuántos goles han marcado entre los dos?

-Juego:

Los niños se colocan delante de nosotros, colocamos en el suelo un aro (si no tenemos podemos hacerlo con cinta, lana o cuerda) y les damos las siguientes instrucciones:

-Saltar dentro del aro.

-Saltar delante del aro

-Saltar detrás del aro.

-Saltar a la derecha/izquierda del aro

-Poner la mano derecha a la izquierda del aro y el pie derecho dentro del aro.

-Poner la mano izquierda dentro del aro y la rodilla derecha a la izquierda del aro.

## **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

**15.** Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: unha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

% Alumnado: 0%

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección dos espazos exhaustivamente.

-Revisión do plan de adaptación buscando posibles e facendo os axustes necesarios.

Fase 2 Duración: Reactivación. 1 semana. Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado. O equipo Covid informará as familias da data de reinicio da actividade presencial con total seguridade.

%Alumnado: 100%

Obxectivos:

- Reforzo da información aos alumnos na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Continuar coas actividades desenvolvidas na fase anterior.
- Retomar o ensino presencial.
- Revisión das actividades realizadas no período do ensino telemático.
- Avaliar os contidos adquiridos neste período.

**ANEXO VII: PLANOS TIPO DE COLOCACIÓN NAS AULAS**





